

# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	Guías turísticos da nosa Catedral.		
<b>ETAPA:</b>	Educación Primaria.	<b>NIVEL:</b>	5º e 6º de primaria.
<b>ÁREAS:</b>	Ciencias Sociais e Lingua Galega.	<b>PROFESORADO:</b>	Catalina Fariña Fernández.
<b>DESCRIPCIÓN:</b>			
<p>Durante a tarefa o alumnado elaborará en equipos a súa propia guía turística sobre a Catedral de Santa María de Tui. Esta guía, incluírá imaxes e diversa información que, xunto coas capacidades que desenvolven os nenos/as como guías turísticos, servirá de apoio para expor todo o aprendido en contextos reais como a residencia “Paz y Bien”, á que acudimos o último día do ámbito. Ademais, elaborarán un xogo de preguntas para afianzar os coñecementos e aprenderán a xogar ao “alquerque”, un xogo medieval que atopamos escondido en distintos recunchos da catedral. En definitiva, a tarefa pretende que os alumnos/as aprendan e que se convertan en expertos sobre a Catedral para posteriormente levar o aprendido ao Congreso organizado polo colexio.</p>			
<b>XUSTIFICACIÓN:</b>			
<p>Esta tarefa incluírá actividades que permiten desenvolver contidos nas áreas anteriormente escritas. O alumnado deberá investigar, recoller e presentar información sobre a Catedral na súa guía turística. Así, os nenos/as convértense en guías turísticos e exporán os contidos nun contexto real, a residencia “Paz y Bien”.</p>			
<b>CONTEXTO:</b>			
Ámbito social e natural. Aula e residencia “Paz y Bien”.			

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
<p>Rutina “O que sei”, “O que aprendín”. Que sabes da Catedral? Posta en común con bubble map.</p>	<p>CA4.2. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos. (OBX 5)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Repaso dos contidos nun esquema elaborado pola mestra a través da técnica cooperativa de “Lectura compartida”.</p>	<p>CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal. (OBX 4)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Visualización dun vídeo sobre como elaborar unha guía turística e como ser guías turísticos.</p>	<p>CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede. (OBX 1)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>

<p>Nos equipos elaborase unha guía turística con imaxes e coa información recollida no primeiro trimestre e cos apuntamentos recollidos na chuvia de ideas.</p>	<p>CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante. (OBX 5)</p> <p>CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia. (OBX 5)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Posta en común en gran grupo mediante exposicións orais.</p>	<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso. (OBX 3)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Elaboración de preguntas. 10 por equipo e con múltiples opcións de resposta a través da técnica cooperativa do “Folio Xiratorio”.</p>	<p>CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade. (OBX 2)</p>	

<p>Visualización dun vídeo sobre “como xogar ao alquerque” e elaboración dun taboleiro en cartón en equipos co obxectivo de xogar varias partidas.</p>	<p>CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural. (OBX 2)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Sáímos a residencia “Paz y Bien” para practicar como guías turísticos e levar os nosos contidos a situacións reais.</p>	<p>CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas. (OBX 3)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>
<p>Rematamos a rutina coa que comezamos. “O que sei”, “O que aprendín”.</p>	<p>CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel. (OBX 3)</p>	<p>Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).</p>

## CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- **Procesos: interacción oral.**
  - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos.
  - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.
  - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral, e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
  - Estratexias de escoita activa e asertiva para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero.
- **Procesos: comprensión lectora.**
  - Lectura grupal ou individual de textos literarios e non literarios con entoación e ritmo progresivamente fluídos.
  - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión de textos escritos en lingua galega.
- **Procesos: produción escrita.**
  - Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.

- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais de relativa complexidade, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación progresiva das normas ortográficas básicas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Valoración da propia produción escrita e da produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- O tempo histórico na Idade Media: o Camiño de Santiago, o Románico e o Gótico, duración e feitos históricos, papel representado por suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- As expresións artísticas e culturais medievais en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e da cultura no mundo actual.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
Rutina “O que sei”, “O que aprendín”. Que sabes da Catedral? Posta en común con bubble map.	Resposta individual.	Lectura e comentario das diferentes respostas.	Bubble map, organizador de ideas.	
Repaso dos contidos nun esquema elaborado pola mestra a través da técnica cooperativa de “Lectura compartida”.	Escoita activa durante a lectura dos contidos.	Respondemos posibles dúbidas entre todos.	Recollida da información máis importante.	
Visualización dun vídeo sobre como elaborar unha guía turística e como ser guías turísticos.	Atender ao visionado e comprender a información audiovisual.	Toma de notas para poder realizar a guía posteriormente.	Ronda de preguntas.	
Nos equipos elaborase unha guía turística con imaxes e coa información recollida no primeiro trimestre e cos	Elaboración da estrutura da guía turística (bosquexo) organizando a información.	Creación das guías turísticas por grupos.	Repartición da información para a posterior exposición.	

apuntamentos recollidos na chuvia de ideas.				
Posta en común en gran grupo mediante exposicións orais.	Exposición.	Valoración grupal.	Preguntas sobre o exposto.	
Elaboración de preguntas. 10 por equipo e con múltiples opcións de resposta a través da técnica cooperativa do “Folio Xiratorio”.	Cada alumno/a aporta as súas preguntas.	Ronda de respostas e posta en común.	Escribir as preguntas formuladas.	
Visualización dun vídeo sobre “como xogar ao alquerque” e elaboración dun taboleiro en cartón en equipos co obxectivo de xogar varias partidas.	Atender ao visionado e comprender a información audiovisual.	Toma de notas para poder realizar a guía posteriormente.	Ronda de preguntas.	Elaborar o taboleiro e xogar varias partidas.
Sáímos a residencia “Paz y Bien” para practicar como guías turísticos e levar os nosos contidos a situacións reais.	Exposición.	Valoración grupal.	Preguntas sobre o exposto.	



Rematamos a rutina coa que comezamos. “O que sei”, “O que aprendín”.	Escribimos a última columna “O que aprendín”.	Lectura en voz alta da tarefa.	Debate xeral sobre a tarefa.	
--	---	--------------------------------	------------------------------	--

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMIENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Rutina “O que sei”, “O que aprendín”. Que sabes da Catedral? Posta en común con bubble map.	Aula.	Individual e en gran grupo.	Rutina de pensamento e bubble map.	30 min.
Repaso dos contidos nun esquema elaborado pola mestra a través da técnica cooperativa de “Lectura compartida”.	Aula.	En grupos medianos.	Esquema elaborado pola mestra e folia de rexistro da “Lectura compartida”.	45 min.
Visualización dun vídeo sobre como elaborar unha guía turística e como ser guías turísticos.	Aula.	En gran grupo.	Vídeo e pizarra dixital.	20 min.
Nos equipos elaborase unha guía turística con imaxes e coa información recollida no primeiro trimestre e cos	Aula.	En grupos medianos.	Folios de distintas cores para a elaboración da guía e ordenadores.	205 min.

apuntamentos recollidos na chuvia de ideas.				
Posta en común en gran grupo mediante exposicións orais.	Aula.	En grupos medianos e en gran grupo.	Presentación.	30 min.
Elaboración de preguntas. 10 por equipo e con múltiples opcións de resposta a través da técnica cooperativa do “Folio Xiratorio”.	Aula.	En grupos medianos.	Folla de rexistro de preguntas “Folio xiratorio” e cartolinas coas preguntas.	70 min.
Visualización dun vídeo sobre “como xogar ao alquerque” e elaboración dun taboleiro en cartón en equipos co obxectivo de xogar varias partidas.	Aula.	En gran grupo e en grupos medianos.	Vídeo, pizarra dixital e cartón para a elaboración do “alquerque”.	120 min.
Sáímos a residencia “Paz y Bien” para practicar como guías turísticos e levar os nosos contidos a situacións reais.	Residencia “Paz y Bien”.	En gran grupo e en grupos medianos.	Presentación.	100 min.

Rematamos a rutina coa que comezamos. “O que sei”, “O que aprendín”.	Aula.	Individual e en gran grupo.	Rutina.	30 min.
--	-------	-----------------------------	---------	---------

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	Rúbrica de ensinanza- aprendizaxe (alumnado).	Observación sistemática e diario de sesión.
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	Rúbrica de autoavaliación docente (lista de cotexo).	Observación sistemática.
<b>DESEÑO DA TAREFA</b>	Rúbrica de deseño da tarefa (lista de cotexo).	Observación sistemática

### RÚBRICA DE ENSINANZA- APRENDIZAXE (ALUMNADO) PARA LINGUA GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SEMPRE (4)	CASE SEMPRE (3)	ÁS VECES (2)	NUNCA (1)
CA2.2. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.				

<p>CA2.4. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.</p>				
<p>CA2.5. Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.</p>				
<p>CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante, realizando inferencias a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura de maneira acompañada e superando a interpretación literal.</p>				
<p>CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.</p>				

**RÚBRICA DE ENSINANZA- APRENDIZAXE (ALUMNADO) PARA CIENCIAS SOCIAIS**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	SEMPRE (4)	CASE SEMPRE (3)	ÁS VECES (2)	NUNCA (1)
CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.				
CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.				
CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.				
CA4.2. Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.				
CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.				

## RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

LISTA DE COTEXO	SÍ	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade.		
Fomentouse a motivación e a implicación do alumnado nas actividades.		
Conseguiuse crear un bo clima de traballo.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas dinámicas e cooperativas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		



A temporalización deseñouse coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación da temporalización.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e aspectos de mellora.		
Construíronse equipos cooperativos con criterios da aprendizaxe cooperativa.		
As actividades propostas resultaron motivadoras e atractivas para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse tempo para a autoavaliación da aprendizaxe.		

O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo por se fora preciso.		

### RÚBRICA DE DESEÑO DA TAREFA

LISTA DE COTEXO	SÍ	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades reais da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os acertados para poder ser acadados con éxito.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		

Existe coherencia entre os elementos que conforman a tarefa.		
Os recursos estipulados foron acertados e de fácil acceso.		
A temporalización axustouse a realidade.		
Foi necesario engadir elementos non previstos.		
Recolléronse propostas de mellora.		
Está axustado á norma vixente e ao Proxecto Educativo (PE).		

## Materiais empregados nesta 2ª tarefa:


- Vídeo sobre a guía turística. Estrutura, funcións e características.

(<https://youtu.be/BB5bSV84iA4>)


- Esquema de repaso dos contidos traballados no 1ª trimestre.

([https://www.canva.com/design/DAFXEsDE4pQ/inmqYxFb9Ac9TPWaO5NE9w/view?utm\\_content=DAFXEsDE4pQ&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link2&utm\\_source=sharebutton](https://www.canva.com/design/DAFXEsDE4pQ/inmqYxFb9Ac9TPWaO5NE9w/view?utm_content=DAFXEsDE4pQ&utm_campaign=designshare&utm_medium=link2&utm_source=sharebutton))

- Roles de equipo.



- Estrutura cooperativa “Lectura compartida”.



- Estrutura cooperativa “Folio xiratorio”.

COOPERATIVA APRENDER A COOPERAR

FOLIO XIRATORIO NI TUI

FOLIO XIRATORIO

NOME DO EQUIPO

ACTIVIDADE

CANTAR

DANZAR

XOGAR

LER

### **Visitas á residencia nesta 2ª tarefa:**

- Visita á residencia do 1º grupo no noso *Instagram*: [https://www.instagram.com/p/CoKZv4utGqm/?utm\\_source=ig\\_web\\_copy\\_link](https://www.instagram.com/p/CoKZv4utGqm/?utm_source=ig_web_copy_link)
- Visita á residencia do 2º grupo no noso *Instagram*: [https://www.instagram.com/p/Coud2atqCJ/?utm\\_source=ig\\_web\\_copy\\_link](https://www.instagram.com/p/Coud2atqCJ/?utm_source=ig_web_copy_link)
- Visita á residencia do 3º grupo no noso *Instagram*: [https://www.instagram.com/p/CplSe8atQ0A/?utm\\_source=ig\\_web\\_copy\\_link](https://www.instagram.com/p/CplSe8atQ0A/?utm_source=ig_web_copy_link)
- Visita á residencia do 4º grupo no noso *Instagram*: [https://www.instagram.com/p/CqJYMP5NpjD/?utm\\_source=ig\\_web\\_copy\\_link](https://www.instagram.com/p/CqJYMP5NpjD/?utm_source=ig_web_copy_link)

Imaxes do proceso desta 2ª tarefa.

- Guías turísticas.





- Xogando ao alquerque.





- Saída á residencia “Paz y Bien”.





